

An abstract graphic on the left side of the page, consisting of numerous small, semi-transparent circles in shades of orange, red, pink, purple, and blue. These circles are interconnected by a dense web of thin, light-colored lines, creating a complex, organic, and somewhat chaotic pattern that resembles a network or a stylized map.

Arte Etrusca e Arte Romana

BACHARELATO DE HISTORIA DA ARTE.

JOSÉ LUÍS, SANTIAGO DE
COMPOSTELA

Arte Etrusca: Contexto Histórico.

- **Orixe e desenvolvemento:** A civilización etrusca xurdiu e floreceu na rexión coñecida como Etruria, a actual Toscana e parte do Lacio e Umbría, entre os séculos VIII e III a.C. Eran un pobo cunha forte identidade cultural, coñecidos polo seu avanzado coñecemento da metalurxia e o comercio.
- **Características principais:** A súa arte está profundamente ligada á **relixiosidade funeraria**, coa crenza de que o **alén** era unha continuación da vida terreal. Por iso, gran parte das súas manifestacións artísticas atópanse nas necrópoles, cheas de obxectos e pinturas que pretendían acompañar aos defuntos na súa viaxe.
- **Influencias:** A pesar da súa orixinalidade, a arte etrusca absorbeu e reinterpretou as influencias da arte arcaica grega, adaptándoas ao seu propio imaxinario e necesidades. A súa arte, a miúdo, ten un carácter máis **narrativo e expresivo** que a grega.


Arte Etrusca. Contexto histórico



Arquitectura Etrusca

- **Materiais e técnicas:** A arquitectura relixiosa etrusca empregaba materiais perecedoiros como **madeira**, **ladrillo de barro** e **pedra volcánica** para as bases. Isto fai que as súas estruturas, especialmente os templos, non chegasen ata nós en perfecto estado, coñecéndose principalmente a través de modelos e fontes romanas.
- **Orde Toscano:** Trátase dunha variación da orde dórica grega, pero cunha **columna con base**, un **fuste liso** e un capitel sinxelo e austero, sen as acanaladuras e o énfase estético do modelo grego.
- **O templo:** Eran estruturas cuadrangulares con tres partes diferenciadas: un **pronáos** amplo con dúas fileiras de columnas, unha **naos tripla** (tres salas contiguas dedicadas a tres deidades) e un **podium** elevado. A súa fachada era o seu elemento máis decorado, con elementos de terracota.
- **Necrópoles:** As necrópoles de **Cerveteri** e **Tarquinia** son o mellor exemplo da súa arquitectura funeraria. Eran cidades de mortos con rúas e tumbas escavadas na rocha (hipoxeos) ou construídas con forma de túmulo, moitas delas decoradas con **frescos** que representaban escenas da vida cotiá ou mitolóxicas.

Arquitectura Etrusca



Escultura Etrusca.

- **Influencias e estilo:** A escultura etrusca tamén reflicte a **influencia arcaica grega**, manifestándose na **frontalidade** das figuras, o seu **estatismo** e o característico **sorrís arcaico**. Non obstante, posúe un realismo máis expresivo e dramático que a grega, mostrando unha maior tensión.
- **Materiais:** Empregaban principalmente o **bronce** para a creación de esculturas de gran detalle, especialmente para ofrendas e votivas. Tamén a **terracota** era un material moi común para os sarcófagos e as decoracións de frontóns dos templos.
- **Obras clave:**
 - **Loba Capitolina** (s.V a.C.): unha figura de bronce que amosa a unha loba en actitude agresiva, coas fauces abertas. Simboliza a natureza salvaxe e protectora dos etruscos.
 - **Quimera de Arezzo** (s.IV a.C.): unha das pezas máis representativas do seu traballo en bronce, con gran detalle e tensión.
 - **Apolo de Veyes** (s.VI a.C.): unha escultura de terracota que amosa a un Apolo de movemento contido e co sorriso arcaico, un claro exemplo de influencia grega.
 - **Sarcófago dos Esposos** (s.VI a.C.): obra de terracota que representa a unha parella recostada nun leito de banquete. Non é unha escena de tristura, senón unha imaxe alegre e vitalista que simboliza a vida feliz no alén.

Escultura Etrusca



Pintura Etrusca


- **Técnica e temática:** A pintura etrusca utilízase case exclusivamente para a **decoración interior das tumbas**, en forma de **frescos** con pigmentos terrosos como o **vermello**, o **amarelo** e o **verde**. As escenas representan **banquetes, deportes, procesións fúnebres, danzas e xogos**, amosando a idea de que o defunto segue gozando da vida no alén.
- **Estilo:** A arte etrusca non tiña interese pola perspectiva. As figuras son esquemáticas e os fondos planos, sen profundidade.
- **Exemplos:** A **Tumba dos Leopardos** ou a **Tumba da Caza e da Pesca** en Tarquinia son exemplos magníficos de pintura etrusca.

Pintura Etrusca



Arte Romana: Contexto e función

- **Carácter pragmático e funcional:** A arte romana non se crea para a beleza en si mesma (como a grega), senón que está ó servizo de fins prácticos e políticos. A arquitectura serve para albergar as actividades da vida cotiá e para impresionar. A escultura e a pintura son ferramentas de **propaganda** e de glorificación do Estado e dos seus líderes (**culto imperial**). O seu obxectivo é transmitir unha mensaxe clara e útil para a sociedade.
- **Diferenzas entre República e Imperio:**
 - **República** (509–27 a.C.): Nesta etapa, a arte ten un forte énfase sobre a **virtus** (virtude), a **mos maiorum** (costumes dos antepasados) e a **moralidade cívica**. No retrato, o **verismo** é norma, non se idealiza a beleza, senón que se amosan as imperfeccións e a idade dos individuos, servía para destacar as virtudes da experiencia e a sabedoría.
 - **Imperio** (27 a.C.–476 d.C.): Coa chegada do Imperio, a arte ten un obxectivo claro **servir de propaganda imperial**: O retrato imperial, de **influencia clásica**, busca amosar a figura do emperador como unha deidade, un ser perfecto; que encarna a maxestas e o poder de Roma. En Arquitectura esta etapa caracterízase pola **monumentalidade** das súas construcións, que serven para amosar o poder e a grandiosidade de Roma.



Arte Romano: Contexto e função



Arquitectura civil e urbana romana

- **Vivendas:**


- O **domus** era a vivenda unifamiliar da clase alta, organizada arredor dun **atrium** (patio interior con tellado aberto) e un **impluvium** (depósito para a auga da chuvia). A parte posterior da casa tiña un **peristilo** (xardín con columnas) rodeado por outras dependencias. A casa incluía dependencias como o **tablinum** (estudo do paterfamilias) e o **triclinium** (comedor)
- As **insulas** eran os edificios de vivendas colectivas para a clase baixa, con múltiples andares. As tabernae (tendas) ocupaban o andar baixo.

- **Foro:** Era o centro político, relixioso e social das cidades romanas. Nel atopábanse os principais edificios públicos, como:


- **Basílica** (Unha gran sala rectangular utilizada para administración de xustiza e transaccións comerciais),
- **Curia** (sede do senado local)
- **Templos** dedicados ás deidades romanas como Xúpiter, Xuno e Minerca..

- **Termas:** Eran edificios públicos de uso social e hixiénico. O seu percorrido comezaba no **frigidarium** (auga fría), continuaba polo **tepidarium** (auga morna) e remataba no **caldarium** (auga quente). O sistema de **hipocausto** (quencemento do chan e das paredes) era unha mostra do seu avanzado coñecemento en enxeñaría.

Arquitectura civil e urbana romana




Construcción ideal de una domus.



Monumentos conmemorativos e enxeñaría

- **Arcos de Triunfo:** Eran estruturas que servían para celebrar as vitorias militares e as xestas dos Emperador, amosando o poder imperial. Caracterizábanse por un ou máis arcos de medio punto e relevos narrativos que contaban a campaña militar. Os máis coñecidos son o **Arco de Tito** e o **Arco de Constantino**.
- **Columnas Conmemorativas:** Estas columnas (como a **Columna de Traxano**), narran en relevos continuos e espirais as campañas militares do emperador.
- **Obraas de enxeñaría:**
 - **Acuedutos:** Son o mellor exemplo da enxeñaría romana. Usaban o principio de **pendente constante** para transportar auga a longas distancias, salvando desniveis con arcos. A súa estrutura podía ser de arcos superpostos como o **Acueducto de Segovia** que empregaba arcos superpostos construídos sen argamasa.
 - **Calzadas e pontes:** A rede de **calzadas** romanas era a máis avanzada do seu tempo. Construídas con varias capas e cunha gran durabilidade, formaban unha extensa rede que conectaba todo o Imperio.
 - **Pontes**, con **arcos de medio punto**, permitían superar obstáculos naturais.


Monumentos conmemorativos e enxeñería



Escultura romana

- **Retrato Republicano:** O **verismo** é a súa principal característica. Os romanos, influídos polos seus antepasados etruscos, tiñan o costume de facer moldes de cera (**imagines maiorum**) dos seus defuntos. Estes moldes, moi detallados, levaron a unha escultura que non buscaba a beleza, senón o realismo, amosando as engurras, as imperfeccións e a idade como símbolos de sabedoría, honra e prestixio.
- **Retrato Imperial:** A partir de Augusto, os retratos cambian drasticamente. O **idealismo clásico**, de influencia grega, domina. Os Emperadores son representados con corpos perfectos e musculosos, e coa faciana nova, sen envellecer, como seres inmortais ou deuses. Un exemplo paradigmático é o **Augusto de Prima Porta** é un claro exemplo, cunha pose que lembra o **Doríforo** de Policleto.
- **Relevo histórico-narrativo:** É unha innovación romana. Non se trata dunha representación illada, senón dunha narración continua que glorificaba feitos históricos e xestas imperiais. O **Arco de Tito** (que representa o saqueo de Xerusalén) e a **Columna de Traxano** son os mellores exemplos.

Escultura romana



Pintura e mosaicos romanos

- **Pintura Mural:** A maioría das mostras proveñen de **Pompeia e Herculano**. Empregaban as técnicas de **buon fresco** (pintura sobre xeso húmido), **a secco** (sobre xeso seco) e **encausto** (pigmentos mesturados con cera quente). Os **catro estilos pompeianos** amosan a súa evolución:
 - **Estilo incrustación** (s. II a.C) Imitaba as placas de mármore.
 - **Estilo arquitectónico** (s. I a.C) Creaba falsas arquitectura para dar sensación de profundidade.
 - **Estilo ornamental** (s. I) Reducía as paisaxes a figuras e pequenas representacións no centro de paneis de cor.
 - **Estilo combinado** (s. I) Unha mestura de todos os anteriores, con paisaxes fantásticas, arquitecturas irreais e figuras flotantes
- **Mosaico:** Eran utilizados para decorar chans, fontes e paredes.
 - O **opus tessellatum** empregaba teselas (cadrados de pedra ou cerámica) de 1 a 2 cm para crear deseños xeométricos e grandes superficies,
 - O **opus vermiculatum** utilizaba teselas de 1 a 4 mm para escenas máis detalladas e complexas.
- **Temas:** A pintura e os mosaicos romanos representan **escenas mitolóxicas, de caza, naturezas mortas e vida cotiá**.

Pintura e mosaicos romanos





Obras obligatorias PAU 2026

- Panteón de Agripa
- Anfiteatro Flavio (Coliseo)
- Acueducto de Segovia
- Arco de Tito
- Teatro de Mérida

Panteón de Agripa (Roma, s. I a. C–II d. C)

- **Localización e cronoloxía:** Roma, reconstruído baixo o emperador Hadriano (118–125 d.C.), sobre o templo orixinal de Agripa do ano 27 a.C.
- **Materiais e sistema construtivo:** Destaca o uso do **formigón (opus caementicium)** na cúpula, alixeirado con distintos materiais (pedra pómez na parte superior). O interior está revestido con mármore e a fachada con granito e mármore branco. A estrutura basease na **bóveda e a cúpula**, o que permite crear un espazo interior diáfano e amplo, sen columnas interiores.
- **Análise formal:** É un templo de **planta circular**, cun pórtico rectangular na entrada. O espazo interior é unha esfera perfecta, xa que a altura da cúpula é igual ao seu diámetro (43,30 m). No centro da cúpula, o **óculo** de 9 m de diámetro serve como única fonte de luz, o que crea un efecto lumínico especial. O exterior da cúpula está recuberto con chumbo, e o interior presenta cinco aneis de **casseis** (caixóns) que reducen o peso.
- **Significado e función:** O seu nome **Panteón** (**pan** = todos, **theon** = deuses) indica a súa función orixinal como templo dedicado a todos os deuses ancestrais. Simbolizaba a **universalidade** e a **totalidade** do Imperio. A súa impresionante cúpula, co óculo, era a representación da **bóveda celeste**, conectando a Roma terreal coa esfera divina.

Panteón de Agripa





FIG. 3.—The Pantheon in Rome. Cross-section.



Anfiteatro Flavio- Coliseo (Roma, 72-80)

- **Localización e cronoloxía:** Roma, construído entre os anos 72 e 80 d.C. baixo a dinastía Flavia.
- **Materiais e sistema construtivo:** Feito con **travertino** para o exterior, **formigón** para a estrutura e **ladrillo e mármore** para os revestimentos. O sistema construtivo baséase no uso do **arco de medio punto**, das **bóvedas de canón** e das **bóvedas de aresta**, que permiten crear un esqueleto resistente para sosteñer as bancadas da **cavea**.
- **Análise formal:** Ten unha **planta oval** de 188×156 m. A fachada exterior está organizada en **catro niveis** (tres con arcos e o superior con ventás): no primeiro nivel úsase a **orde toscana**, no segundo a **xónica**, no terceiro a **corintia** e no cuarto pilastras corintias. Este uso das ordes superpostas, coñecido como **orde colisea**, crea unha sensación de dinamismo. Unha estrutura de cordas e poleas (**velarium**) permitía despregar un toldo para protexer aos espectadores do sol.
- **Significado e función:** O Coliseo é un edificio de **uso público e social**. Servía para espectáculos como as loitas de gladiadores (**munera**), as loitas de animais (**venationes**) e as batallas navais (**naumachiae**). Era un espazo de **propaganda política** que amosaba o poder e a riqueza do emperador e o goberno.



Anfiteatro Flavio-Coliseo

Acueducto de Segovia (s. I)

- **Localización e cronoloxía:** Segovia, España. Construído a finais do século I d.C.
- **Materiais e sistema construtivo:** A súa principal característica é que foi construído con grandes **sillares de granito** sen usar **argamasa**, cun sistema de encaixe perfecto. O seu sistema construtivo baséase na **superposición de arcos de medio punto**, que permiten salvar os desniveis do terreo. O máis alto mide 28 m de altura.
- **Análise formal:** O acueducto ten unha **pendente constante** que asegura o fluxo da auga dende a fonte do **río Frío** ata a cidade de Segovia. A parte máis coñecida consiste nunha dobre arcada superposta, coa arcada inferior máis alta. As súas liñas xeométricas e sobrias reflicten a **racionalidade** da enxeñaría romana.
- **Significado e función:** É un dos máis importantes exemplos de **arquitectura de enxeñaría** de todo o Imperio. A súa función era esencialmente **práctica**: transportar auga. Non obstante, a súa monumentalidade tamén servía como símbolo do **poder e a capacidade de Roma** para transformar a paisaxe e mellorar a vida dos seus cidadáns.



Acueducto de
Segovia


Arco de Tito (Roma, 81)

- **Localización e cronoloxía:** Roma, no Foro Romano. Construído no ano 81 d.C. en honor ao emperador Tito.
- **Materiais e sistema construtivo:** O material principal é o **mármore**, usado para a súa estrutura e os seus relevos. A construción baséase no **arco de medio punto** flanqueado por columnas de **orde composta** (unha combinación de xónica e corintia).
- **Análise formal:** É un **arco de triunfo** dun só van de 15,4 m de altura. Na parte superior, o **ático**, leva a inscrición conmemorativa. No interior do arco, dous grandes **relevos históricos** narran o triunfo de Tito tras a Guerra Xudía. Un representa o **saqueo do Templo de Xerusalén** (destacando o candelabro **Menorah**), e o outro a **entrada triunfal** de Tito na cidade. O relevo destaca pola súa precisión narrativa e o uso da profundidade.
- **Significado e función:** A súa función é **conmemorativa e propagandística**. É un monumento que celebra a **vitoria militar** de Roma e a gloria da dinastía Flavia. A representación do saqueo de Xerusalén non só é un testemuño histórico, senón tamén un aviso do destino que agarda aos inimigos de Roma.

Arco de Tito



LA OTRA HISTORIA (L.O.H)



Teatro Romano de Mérida (8 a. C)

- **Localización e cronoloxía:** Mérida, España. Foi construído entre os anos 16 e 15 a.C.
- **Materiais e sistema construtivo:** A **cávea** (bancadas) está construída aproveitando a pendente natural do terreo e está feita de pedra. A **scaenae frons** (frontis do escenario) está feita de **granito** e **mármore**, con colunas de orde corintia.
- **Análise formal:** O teatro ten a **planta semicircular** típica. A **orchestra** é a parte dianteira do escenario. A **scaenae frons** é un elemento arquitectónico único, con dúas alturas de colunas corintias, decoracións e nichos con estatuas. O seu aspecto actual é en gran parte froito da súa reconstrución.
- **Significado e función:** Era un centro de **vida cultural e social** de Emerita Augusta. A súa función era entreter e educar á poboación. Como outros teatros romanos, tamén servía para **cerimonias oficiais** e como centro de **propaganda imperial**, amosando o poder e a grandiosidade de Roma.



Teatro romano de Mérida

Conclusión comparativa

01

Arte Etrusca: Concentrada en rituais funerarios e a vida no alén. Empregaba materiais perecedoiros e tiña unha forte expresión dramática. A súa principal achega foi a técnica do bronce e os sarcófagos de terracota.

02

Arte Romana: Pragmática e ao servizo da función pública e a propaganda. Caracterízase pola enxeñaría do formigón e a síntese cultural de elementos etruscos e gregos.

03

Legado: A arte romana legou ao mundo occidental principios fundamentais como o uso do arco, a bóveda, a cúpula e a importancia do retrato realista.

Bibliografía e imaxes de referencia

- **Teoría:** "Arte Etrusca ou Prerromana e Arte Romana" (PDF).
- **Bibliografía:** Juan José López Rosal, *Historia da Arte Antigua* (UVigo).
- **Museos e Parques:** Museo Arqueolóxico Nacional, Museos Capitolinos, Parque Arqueolóxico de Mérida.
- **Imaxes:** Domus Aurea VR, Google Arts & Culture, fotografía libre de dereitos.